

*Resolución do 1 de febreiro de 2011, da Secretaría Xeral e do Patrimonio da Consellería de Facenda, pola que se fan públicas as razóns que xustifican a utilización do procedemento de concertación directa no aluguer dun inmovible no concello de Noia.*

En cumprimento do disposto no artigo 18º.2 e 22º da Lei 3/1985, do 12 de abril, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, e 55º do Decreto 50/1989, do 9 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de patrimonio, e á vista das competencias que teño atribuídas consonte o disposto no Decreto 307/2009, do 28 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica da Consellería de Facenda,

**RESOLVO:**

Facer pública a tramitación dun procedemento de concertación directa na contratación do aluguer dun inmovible situado en Noia, na rúa Pintor Xenaro Carrero, nº 15, baixo dereita, para dependencias da Comunidade Autónoma de Galicia, con base nas peculiaridades do ben, posto que o inmovible está sendo utilizado na actualidade para o mesmo fin.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2011.

Rosa Mª Pedrosa Pedrosa  
Secretaria xeral e do Patrimonio  
da Consellería de Facenda

**CONSELLERÍA DE MEDIO  
AMBIENTE, TERRITORIO  
E INFRAESTRUTURAS**

*Cédula do 19 de xaneiro de 2011, do Servizo de Infraestruturas de Pontevedra, pola que se fai pública unha relación de notificacións de resolución de expedientes de danos (28/2010 e sete máis).*

De conformidade co disposto no artigo 59º.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE nº 285, do 27 de novembro), notifícase ás persoas que se citan a continuación, as notificacións de resolución de expedientes de danos instruídos por infraccións da Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia (DOG nº 210, do 31 de outubro).

Nº de expediente: 28/2010.

Denunciado: Efrén Vidente Fernández.  
Enderezo: avda. Balaídos, 20-4º B-36210-Vigo.

Nº de expediente: 29/2010.

Denunciada: Sandra López Martínez.  
Enderezo: urb. Val miñor, chalet, 20-36380-Gondomar.

Nº de expediente: 102/2010.

Denunciado: Francisco J. Valencia Jaramillo.  
Enderezo: r/ Galicia, nº 17-28901-Getafe (Madrid).

Nº de expediente: 184/2010.

Denunciado: Joaquín C. Bouzas Mulet.  
Enderezo: Castelao, 12-3 C-36600-Vilagarcía de Arousa.

Nº de expediente: 191/2010.

Denunciado: José M. Vázquez Fernández.  
Enderezo: sbda. Rosal Florido, nº 7-36215-Vigo.

Nº de expediente: 199/2010.

Denunciada: Hispano Inversiones Consulting Galicia, S.L.  
Enderezo: Gran Vía, 13-bx.-pta. 7-36204-Vigo.

Nº de expediente: 200/2010.

Denunciado: Delfina Alonso Salgueiro.  
Enderezo: lg. Vincios Hervillas s/n-36316-Gondomar.

Nº de expediente: 206/2010.

Denunciado: Benito Casanovas Figueiras.  
Enderezo: Reveriano Soutullo, 4-5 B-36860-Ponteareas.

Os ditos interesados dispoñen dun prazo de oito días contados a partir do seguinte día ao da publicación deste edicto para poderen examinar os expedientes no Servizo de Infraestruturas da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (r/ Fernández Ladreda, 43-1º-edificio administrativo-36003-Pontevedra) e presentar ante o citado servizo as alegacións que considere pertinentes.

Pontevedra, 19 de xaneiro de 2011.

Fausto Núñez Vilar  
Enxeñeiro xefe do Servizo de Infraestruturas

*Anuncio do 10 de febreiro de 2011, da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, polo que se somete a información pública a solicitude de autorización ambiental integrada do proxecto de ampliación sur do vertedoiro de Areosa, no concello de Cerceda, promovida pola Sociedade Galega do Medio Ambiente (Sogama) que modifica a Resolución do 30 de abril de 2008, da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, pola que se outorga a autorización ambiental integrada para o complexo medioambiental e vertedoiro. Autorización 2006/0327\_AIA/IPPC\_163.*

O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día 2 de febreiro de 2011, acordou declarar o proxecto de ampliación do vertedoiro de Areosa, no concello de Cerceda, promovido pola *Sociedade Galega de Medio Ambiente* (Sogama), como proxecto sectorial de incidencia supramunicipal para os efectos previstos na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia.

Polo tanto, en cumprimento do disposto no artigo 13º.2 do Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal e para os efectos previstos na Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación, no Real decreto lexislativo 1/2008, do 11 de xaneiro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de avaliación de

impacto ambiental de proxectos, e no Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación da incidencia ambiental, faise público que, por espazo de trinta (30) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, quedará exposta en horas de atención ao público a documentación correspondente á solicitude da autorización ambiental integrada e avaliación de impacto ambiental das instalacións referidas no encabezamento, co fin de que calquera interesado poida consultala e, no seu caso, formular en dito prazo as alegacións, suxestións e/ou observacións que estime convenientes. A documentación a expoñer será:

*-Sogama. Proyecto sectorial de la ampliación del vertedero de Areosa, en el municipio de Cerceda (A Coruña).*

*-Sogama. Proyecto básico para a modificación sustancial de la autorización ambiental integrada y estudio de impacto ambiental de la ampliación sur del vertedero de Areosa, en el municipio de Cerceda (A Coruña). Visado nº VV001/2011.*

*-Sogama. Proyecto constructivo y de sellado de la ampliación sur del vertedero de Areosa, en el municipio de Cerceda (A Coruña) tomo I. Visado nº VV001/2011.*

*-Sogama. Proyecto constructivo y de sellado de la ampliación sur del vertedero de Areosa, en el municipio de Cerceda (A Coruña) tomo II. Visado nº VV001/2011.*

*-Sogama. Resumen no técnico para la modificación substancial de la autorización ambiental integrada y estudio de impacto ambiental de la ampliación sur del vertedero de Areosa, en el municipio de Cerceda (A Coruña). Visado nº VV001/2011.*

Para isto, poranse a disposición dos administrados exemplares da citada documentación nas seguintes dependencias:

-Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas: Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental (San Lázaro, s/n. 15781 Santiago de Compostela. A Coruña).

-Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (Praza Luís Seoane, s/n. 15008. A Coruña).

-Concello de Cerceda (avda. do Mesón, 21. 15185 Cerceda, A Coruña).

Santiago de Compostela, 10 de febreiro de 2011.

Justo de Benito Basanta  
Secretario xeral de Calidade e Avaliación  
Ambiental

*ANEXO*  
**Memoria resumo**

Autorización nº 2006/0327\_AIA/IPPC\_163.

Expediente de modificación: 2011/1024.

Titular: *Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A.* (Sogama).

Domicilio social: Morzós, 10 baixo. As Encrobas 15187 Cerceda (A Coruña).

Localización das instalacións: as instalacións do vertedoiro de residuos non perigosos de Areosa atópanse nunha pequena valgada da bacía do río Lengüelle, no concello de Cerceda (A Coruña). Un punto centrado na ampliación sur do depósito de Areosa é o definido polas coordenadas U.T.M. X: 543.016 Y: 4.775.275.

Actividade: depósito de residuos sólidos urbanos procedentes das plantas de transferencia de Sogama e dos rexeites do Complexo Medio Ambiental de Cerceda (CMC).

Coa ampliación que se formula darase cumprimento á autorización ambiental integrada vixente, dotando ao noiro sur do vertedoiro da pendente indicada na devandita autorización, co que se consegue mellorar o coeficiente de seguridade dos noiros finais. A zona que se vai ampliar para realizar a nova vertedura de residuos ocupa unha superficie de 91.468 m<sup>2</sup>, unha parte importante desta superficie xa forma parte das instalacións actuais do vertedoiro, ademais tamén se formula a ocupación dunha nova zona cunha superficie de 20.088 m<sup>2</sup>, para onde xa se trasladaron as instalacións nº 1 e nº 2 de depuración de osmose inversa existentes e para onde se trasladarán posteriormente as balsas de pluviais, de lixiviacións, así como a instalación nº 3 de depuración de augas residuais existente. Nesta zona tamén se situarán as novas instalacións que sexa necesario construír para dar servizo á nova zona de vertedura.

Esta modificación ampliará o vertedoiro de Areosa pola zona sur do mesmo, apoiándose dita ampliación sobre as fases II e III polo que se conseguirá un novo vertedoiro cunha capacidade de vertido de 3.260.850 m<sup>3</sup> e cunha xestión mensual aproximada de 30.000 t.

## **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

*Acordo do 17 de xaneiro de 2011, do Departamento Territorial da Coruña, polo que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica no concello da Coruña. (Expediente IN407A 09/321).*

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro (BOE nº 285), do sector eléctrico, e no título VII do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a